

Suxestión á Deputación da Coruña de tomar en consideración o alegado polo interesado polas canles procedementais pertinentes

Expediente: L.4.Q/13816/23

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2024

Sr. Presidente:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Don XXX con DNI XXX, en relación á denegación dunha subvención correspondente ao programa PEL impulsado por esa Administración.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos:

“(..) Que o 21 de xullo de 2023 recibo resolución da perda do dereito ao cobro da subvención correspondente ás axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial, nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables, referencia: PEL-EMPRENDE INVEST/2022 e número expediente: 2022000030616. Considerando que dita Resolución non é axustada a Dereito e lesiva para os meus intereses dado que os argumentos polos que lle foi denegada a solicitude non aparecían nas Bases (..)”

Ante iso requirimos informe a esa Deputación, que nola remitiu co seguinte contido:

“(..) Primeiro.- Mediante Resolución de Presidencia número 2022/34571, de 8 de agosto, publicada en extracto no Boletín Oficial da Provincia número 151, de 10 de agosto de 2022, aprobáronse as concesións das solicitudes de subvencións correspondentes aos Programas de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial da provincia, a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL-Emprende Invest. 2022),cuxas bases reguladoras foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 59 do 28 de marzo de 2022.

De acordo con dita resolución, outorgábase a concesión á solicitude presentada por don XXX cos seguintes datos:

Solicitado: 9.555,13 €
Orzamento: 13.650,19 €
Finanzamento: 70,00 %

Axuda concedida: 9.555,13 €
Mínimo a xustificar: 13.650,19 €
Concepto: Axuda para a compra de bens inventariables

Segundo.- En data 14 de decembro de 2022 foi presentada polo beneficiario a conta xustificativa da axuda concedida. A totalidade de bens imputados correspondíanse a bens mobles para o fornecemento de baños, cociña e dormitorios da actividade de aloxamento turístico.

Logo de revisada a documentación achegada ao expediente, e emitidos os preceptivos informes do Servizo de Fiscalización, remitíuselle ao interesado en datas 17 de febreiro e 17 de abril de 2023 senllos Informes de Situación da documentación xustificativa presentada, onde se lle comunicaban distintas incidencias e a necesidade de subsanar a conta xustificativa presentada.

Fundamentalmente, poñíase no seu coñecemento o contido do informe desfavorable do Servicio de Fiscalización e Control Financiero no que se incidía en a non inscrición no rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma. Dita inscrición é obrigatoria e habilitante para esta clase de establecementos consonte o artigo 43, en relación cos artigos 41 e 42 do Decreto 12/2017, de 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

O beneficiario presentou nesta deputación escrito de alegacións e nova documentación en datas 1 de marzo e 2 de maio de 2023, nas que indicaba, en síntese, que aínda que non se desenvolvía a actividade principal da empresa (aloxamento turístico), si que se estaba a desenvolver

“o aluguer dos espazos exteriores para eventos nas datas que a vivenda estea desocupada, aproveitando a situación privilexiada do inmovible, aclarando que os ingresos polo concepto de vivenda están previstos para inicio da Semana Santa, pero mentres para conseguir liquidez, dedícase o alugamento exterior. “

As alegacións presentadas, a xuízo da Unidade Xestora non desvirtuaban as obxeccións emitidas polo Servizo de fiscalización, e tendo en conta tanto as manifestacións do propio beneficiario como o documento de inscrición da actividade no REAT (de 1 de marzo de 2023), constatábase que os bens adquiridos non foron empregados dentro do período subvencionado e polo tanto non foron destinados ao fin para o que se lle concedeu a axuda, o que poñía de manifesto o incumprimento das obrigas impostas nas Bases reguladoras .

En base aos citados antecedentes tramitouse, de acordo ao artigo 31.4 da Lei de Subvencións de Galicia a perda do dereito, ditándose en consecuencia Resolución de Presidencia número 2023/28122, de data 17 de xullo de 2023, na que se declaraba a perda do dereito ao cobro da axuda concedida.

Terceiro.- En data 14 de agosto de 2023 o beneficiario presentou, a través do Rexistro telemático da sede electrónica da Deputación de Coruña, recurso potestativo de reposición, no que se reitera nas alegacións realizadas na fase de xustificación e, en síntese, argumentábase:

- Que a empresa si realizaba outra actividade, o aluguer de espazos (xardín e comedor) para celebración de eventos e celebracións.
- Que aínda que a actividade principal de aloxamento turístico non se iniciou na anualidade subvencionable, a condición de empresario ou profesional a efectos dos impostos, está ligada á adquisición de bens e servizos preparatorios ao inicio de tal actividade, aínda que a realización das operacións que constitúen o obxecto da mesma se produza con posterioridade ou non se chegue a producir.
- Que con independencia do inicio da actividade os xustificantes de gasto se emitiron dentro do período subvencionable

Dito recurso foi desestimado por Resolución de Presidencia número 2023/34896 de 18 de setembro de 2023 (notificada o 20 de setembro de 2023) (..)”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. Mediante Resolución de Presidencia da Deputación da Coruña nº 2022 / 14832, do 23 de marzo de 2022, aprobáronse as bases reguladoras das Axudas destinadas á

consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL-Emprende Investimento 2022) .

Segundo se expón nas bases específicas, o obxectivo destas subvencións viña definido por:

“(..) As axudas enmárcanse no Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña para o período 2022. Con elas a Deputación da Coruña quere facilitar tanto a posta en marcha de novos proxectos empresariais innovadores, así como apoiar aos xa existentes, co fin de estimular e impulsar a recuperación do tecido empresarial na provincia da Coruña, especialmente tras a negativa influencia socioeconómica da crise do coronavirus, fomentando o desenvolvemento equilibrado do territorio provincial e favorecendo a creación de emprego a través da creación de empresas por parte de novos emprendedores dentro do marco da Estratexia anual de Crecemento sostible da Unión Europea.(..)”

As subvencións ían dirixidas a pequenas e medianas empresas, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, de menos de cinco anos de antigüidade na actividade para a que solicitou a axuda. Os gastos subvencionables enunciábanse na base 6 das bases específicas.

SEGUNDO. En canto ao procedemento de solicitude e xustificación, a base 3.2 das bases xerais reguladoras do PEL-Emprende Investimento 2022 sinala:

“As entidades interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>) cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que se solicita, téndose por non presentadas as rexistradas fóra da plataforma Subtel.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. (..)”

A base 3.4 dispoñía que:

“No momento da solicitude, as entidades deberán subir á plataforma telemática SUBTEL, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos en data anterior á publicación da convocatoria (..)

No caso de que a Unidade Xestora detecte calquera deficiencia referida á solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma Subte!, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación

e 10 días hábiles desde a aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.”

A base 5, en relación ao procedemento de concesión das subvencións, sinala o seguinte:

“(..) Logo de que o servizo de Desenvolvemento territorial e Transición ecolóxica, co carácter de órgano instrutor do procedemento de concesión, teña determinado as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos regulados nestas bases, someteraas a un comité técnico de valoración, designado polo órgano competente e composto por un mínimo de tres persoas expertas ou de recoñecido prestixio profesional sobre a materia, que deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos en cada convocatoria específica segundo o previsto no apartado anterior. As funcións de secretaría dos comités técnicos serán realizadas por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

En función dos puntos asignados, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, a xefatura do servizo instrutor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite (..).

A Concesión será definitiva. A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión, que deberá ser notificada aos/ás interesados/as mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes”.

En canto á xustificación, a base 9.3 sinala que:

“(..) No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. (..)”

Nos Anexos destas bases figura o anexo de documentación que se debe achegar para a solicitude:

- Certificado da situación censal na AEAT actualizado
- Certificado de vida laboral e situación no RETA, caso de persoa autónoma
- Escritura de constitución caso de persoas xurídicas e outros

En canto á documentación que debía achegarse para a xustificación, cuxo prazo remataba o día 31 de decembro de 2023, sinalábase a seguinte:

- Memoria xustificativa segundo modelo SubTel
- Certificación de gastos segundo modelo SubTel
- Orzamentos de ofertas de tres empresas distintas en casos nos que o orzamento encargado á mesma empresa sexa superior a 15 mil €
- Datos bancarios
- Documentación gráfica, tanto dos investimentos como da actividade
- Publicidade, redes sociais, páxina web
- Relación xustificada de gastos e acreditación dos pagos

Así mesmo, figura anexo indicativo das actividades económicas que poden ser obxecto desta subvención, entre as que se inclúen as de:

- COMERCIO, RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE coa listaxe de epígrafes incluídos e aqueles excluídos por entenderse que non tiñan sufrido o impacto da pandemia

TERCEIRA. O día 09/05/2022, a través da plataforma SubTel, o interesado presentou solicitude de subvención de 9.555,13 € sobre un orzamento total de 13.650,19 €, para o equipamento dunha vivenda que se dedicaría, despois da súa rehabilitación e amoblamento, a aloxamento turístico, figurando como actividades económicas “Hostalaría e turismo”.

O interesado presentou toda a documentación requirida, consentiu en que foran obtidos pola Deputación os datos fiscais e pertencentes á seguridade social. Achegou, así mesmo, declaración censal modelo 036, no epígrafe 685 “Aloxamentos turísticos extra hoteleros”. Dito epígrafe figuraba incluído no anexo da resolución publicada o día 28 de marzo e anteriormente mencionado.

O mércores 10 de agosto de 2022, o BOP da Coruña publicaba a Resolución N.º 2022/34571, de 8 de agosto, pola que se aprobaba a “Concesión definitiva de subvencións correspondentes ás axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables (pel-emprende investimento 2022)”. Na relación de proxectos aprobados para subvención figuraba o do interesado a quen se lle concedía a totalidade do solicitado.

CUARTA. O interesado presentou a documentación para a xustificación do investimento. Con data 23 de xaneiro de 2023 recibe notificación desa Administración requirindo emenda da documentación emitida, en concreto sinalábase o seguinte:

“(..) Con respecto aos bens adquiridos que constan na factura número BR0967, emitida pola entidade "XXX.", non constan achegadas as fotografías dos seguintes: sofá relax 3 pl. mod. Chitra - sofá 2 pl. mod. Chitra - 6 sillas madeira mod. J. suárez - 6 sillas modelo Kelsa (destas últimas aparecen tan só dúas na cociña).

Deberá enmendala xustificación achegando a antedita documentación gráfica”

O interesado achega a documentación que se lle require e con data 17/02/2023 recibe outra notificación requirindo o seguinte:

- Os prezos unitarios nunha das facturas
- Indicando que as mamparas do baño non poden ser subvencionadas porque se consideran “instalacións”
- Que da documentación gráfica para xustificar a publicidade derívase que a vivenda non está en condicións de ser alugada
- Que malia que a vivenda está en XXX -Ames- a certificación censal corresponde a Negreira. Requírese alta no rexistro de aloxamentos turísticos da Xunta.

O interesado presenta as alegacións no prazo indicado sinalando que ata a reforma completa da vivenda se estiveran alugando os espazos interiores e exteriores para eventos de hostalaría e que nos datos fiscais do ano 2022 figuraba o IVE declarado por tal actividade.

O 17 de abril achégase nova notificación rexeitando a documentación presentada en relación ao rexistro da Xunta dado que non se fixera “dentro do período subvencionable”. Porén, tal e como se expón nas alegacións presentadas polo interesado, dito período refírese ao tempo no que deben realizarse os investimentos incluídos nas axudas, requisito expresamente disposto na base 7.1 das bases específicas.

QUINTA. No caso que nos ocupa, cómpre sinalar que o interesado rexistrou a solicitude e a documentación preceptiva en tempo e forma. Que na propia solicitude xa se indicaba que a actividade principal levaríase a cabo “cando a vivenda fora rehabilitada e equipada”. E que a Administración contaba, naquel momento procedemental, coa facultade de esixirlle ao solicitante, toda a documentación que se previra necesaria para dita actividade.

Pola contra, a Deputación, segundo figura nos seus propios documentos, revisou e validou a documentación presentada, xulgando suficiente a mesma e concedéndolle -na súa totalidade-

a subvención solicitada para os investimentos sinalados, tal e como se publicou do BOP número 151 de 10 de agosto de 2022. É dicir, a documentación xa foi analizada e validada polo órgano xestor sen que poida novamente reanalizar a documentación xa presentada previamente como condición necesaria para o outorgamento da subvención, que é un acto en si mesmo definitivo que produce plenos efectos, tal e como se afirma na Sentenza do TSJ de Castela e León (Valladolid), do 1 de decembro de 2017 (Sent. núm. 1341/2017).

En todo caso, non houbo, por parte do interesado, nin ocultación nin modificación dos datos achegados no momento da solicitude e máis ben, dos propios investimentos para os que se solicitou -e se concedeu- a axuda era sinxelo deducir a situación de rehabilitación e amoblamento da vivenda, aínda que, se alugaron espazos na mesma conforme se ían habilitando, para servizos de turismo e hostalaría, tal e como declarou o interesado na súa solicitude. Resulta indiscutible a potestade da Administración para esixir a xustificación dos gastos para os que se concedeu a subvención, pero no caso que nos ocupa non se trata de que os investimentos non se dedicaran á actividade prevista.

A este respecto cómpre lembrar o principio de confianza lexítima, neste caso do interesado respecto da subvención concedida. Ese principio de protección da confianza lexítima ha de ser aplicado non tan só cando se produza calquera tipo de convicción psicolóxica no particular beneficiado, senón máis ben cando se basea en signos externos producidos pola Administración o suficientemente concluíntes para que lle induza razoablemente a confiar na legalidade da actuación administrativa, tal e como afirmou reiteradamente o Tribunal Supremo.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Deputación a seguinte **suxestión:**

En atención ao exposto e na súa capacidade organizativa, valoren o devandito para os efectos de tomar en consideración o alegado polo interesado, todo iso polas canles procedementais pertinentes

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo